

UNHA DELEGACIÓN INSTITUCIONAL E EMPRESARIAL CHINESA VISITA O HOSPITAL CLÍNICO E OS LABORATORIOS DO INSTITUTO DE INVESTIGACION SANITARIA DE SANTIAGO

- ***Coñeron de primeira man o funcionamento e prestacións sanitarias dos servizos de Cardioloxía e Neonatoloxía***
- ***Estiveron acompañados pola xerente e o director de procesos asistenciais da área sanitaria e a directora da Fundación IDIS***

Santiago, 28 de maio 2019.- Esta tarde visitou o Hospital Clínico de Santiago unha delegación institucional e de empresarios chineses do sector sanitario. O grupo, acompañado pola xerente de Xestión Integrada de Santiago, Eloína Núñez, o director de procesos asistenciais, Alfonso Varela, e a directora da Fundación IDIS, María Gómez Reino, visitou os servizos de Neonatoloxía e Cardioloxía, así como os Laboratorios do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago e da Fundación de Medicina Xenómica.

A misión de China procedente de Hunan foi recibida onte pola presidenta do Clúster Saúde de Galicia, Rocío Mosquera, organizador da visita. A delegación está formada pola representante para o goberno da provincia de Hunan (con funcións de cámara de comercio), o director de China Centre de París e do China Source Capital Investment, dous máximos responsables de cadeas de hospitais. Buscan investir en tecnoloxías do sector sociosanitario e están especialmente interesados en establecer colaboración en proxectos relacionados coa xenética, células nai, impresión biomédica en 3D e envellecemento saudable, entre outros. Ámbitos nos que diversos grupos do IDIS está a realizar investigacións.

Coa visita ao entorno do Hospital Clínico de Santiago buscan coñecer o seu funcionamento como punto de partida para futuras colaboracións. A actividade desenvólvese no marco do Programa Galicia Exporta Organismos Intermedios 2017, operación cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, “Conseguir un tecido empresarial máis competitivo”.

Saúdos